

**Resolución reitoral do 14 de abril de 2016 pola que se convocan espazos compartidos no Pavillón de Estudantes do campus universitario de Ourense, para as asociacións de estudantes universitarios.**

En virtude das facultades outorgadas pola LO 6/2001 de Universidades de 21 de decembro e o artigo 104 do Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro polo que se aproban os Estatutos desta Universidade, e atendendo ao art. 40 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo na súa sesión do día 3 de abril de 2001, sen perxuízo das competencias en materia de asociacións universitarias delegadas na Vicerreitoría de Extensión e Relacións Internacionais, conforme á Resolución de 7 de maio de 2014, e co obxecto de acadar unha ordenación máis eficiente dos espazos do campus universitario de Ourense e un mellor uso do pavillón de estudantes, esta vicerreitoría acorda ditar a seguinte:

## RESOLUCIÓN

Pola que se convocan espazos compartidos no Pavillón de Estudantes para as asociacións de estudantes universitarios inscritas no rexistro oficial de asociacións da Universidade de Vigo e ordenar a publicación da referida convocatoria nos taboleiros dos rexistros da Universidade, consonte ás seguintes:

## BASES

1.- **Obxecto da convocatoria.** Abrir un prazo para que as asociacións de estudantes universitarios poidan solicitar espazos compartidos no pavillón de estudantes do campus universitario de Ourense.

2.- **Requisitos dos/as solicitantes.** Poderán solicitar espazos dentro desta convocatoria as asociacións de estudantes universitarios que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no rexistro de asociacións universitarias da Universidade de Vigo con datos actualizados no 2016.

b) Cumprir polo menos unha das dúas seguintes condicións:

- Acreditar a organización de actividades desenvolvidas nos anos 2014 e/ou 2015 que foran avaladas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria ou por calquera centro do Campus de Ourense da Universidade de Vigo. Entenderase por actividades avaladas as que obtiveron financiamento das Vicerreitorías ou centros do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, con cargo á partida de asociacións. Para a súa acreditación requírese presentación dos programas das actividades (cartel, dípticos, información vía web, etc.), debendo constar data, lugar, obxectivos, número de asistentes, ademais de copia das facturas do gasto realizado.

- Acreditar a participación en actividades desenvolvidas e organizadas pola propia Vicerreitoría do Campus de Ourense, pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria ou por calquera centro do Campus

de Ourense da Universidade de Vigo. Para a súa acreditación requírese presentación dos programas das actividades (cartel, dípticos, información vía web, etc.).

Este requisito non se esixe ás asociacións de nova creación. Entenderase por asociacións de nova creación aquelas que foron dadas de alta no censo de asociacións da Universidade de Vigo a partir do 1 de setembro de 2015.

c) Presentar unha programación detallada de actividades para o ano 2016. Na programación deberá constar calendario de actividades, obxectivos previstos en cada unha delas, lugar de realización, destinatarios, entidades colaboradoras, de ser o caso, e orzamento previsto.

**3.- Prazo de presentación das solicitudes.** O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no rexistro xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario) e no rexistro auxiliar do Campus de Ourense (Edificio Administrativo, Campus As Lagoas, s/n), así como na páxina electrónica da Universidade de Vigo: <http://vicou.uvigo.es/inicio>, no apartado “Convocatorias”.

A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios do rexistro auxiliar do Campus de Ourense (Edificio Administrativo, Campus As Lagoas, s/n) servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Con independencia dos lugares nos que legalmente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo: <http://vicou.uvigo.es/inicio>, no apartado “Convocatorias”.

**4.- Documentación.** As/Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación debidamente cuberta en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- Impreso normalizado, Anexo I.
- Relación das actividades organizadas nos anos 2014 e/ou 2015, de ser o caso, conforme ao Anexo II, e acreditación das mesmas.
- Relación das actividades desenvolvidas e organizadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, de Extensión Universitaria ou dos centros do Campus de Ourense, nas que participase a asociación, de ser o caso, conforme ao Anexo II, e acreditación das mesmas.
- Relación de actividades a realizar durante o ano 2016 e compromiso de realización, coa súa programación, conforme ao Anexo III.

**5.- Relación de solicitudes admitidas e excluídas.** No prazo máximo de 10 días naturais dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, publicarase no lugar indicado na base 3. da presente convocatoria a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de

exclusión. As/Os solicitantes disporán dun prazo de cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión, de conformidade cos requisitos de solicitude.

Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva das solicitudes admitidas e excluídas. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

6.- **Avaliación e selección.** A avaliación das solicitudes será feita por unha comisión formada por:

- Presidente: O Vicerreitor do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: A xefa da área de servizos á comunidade do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Cinco vogais, nomeados polo Consello de Campus:
  - Dous representantes do sector de PDI.
  - Un representante do sector PAS.
  - Dous representantes do sector do alumnado.

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa superior ao número de postos dispoñibles no pavillón de estudantes, a comisión procederá a realizar a selección aplicando os seguintes criterios:

Primeiro.- Valorarase con carácter preferente as solicitudes presentadas por asociacións de ámbito xeral (aquelas asociacións que dirixen a súa actividade ao conxunto da comunidade universitaria, tendo asociadas/os en diversos centros e unha actividade cultural e social que responda aos intereses de persoas e colectivos amplos) fronte ás solicitudes de asociacións sectoriais (as asociacións que restrinxen as súas actuacións a actividades sectoriais ou as que só teñen presenza nunha titulación ou nun ámbito reducido), consonte ao establecido nos artigos 39 e 40 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo na súa sesión do día 3 de abril de 2001.

Segundo.- Valorarase a antigüidade da asociación, outorgando maior puntuación a aquelas máis antigas. Atenderase a tal fin á data de alta que figure no censo de asociacións da Universidade de Vigo.

Terceiro.- Valorarase ter obtido financiamento de organismos públicos ou privados distintos da propia Universidade de Vigo, para desenvolver as súas actividades durante os anos 2014 e 2015.

Cuarto.- Valorarase o número de actividades realizadas e o seu impacto durante os anos 2014 e 2015. Para levar a cabo esta valoración terase en conta o grao de difusión a través dos medios de comunicación, o número de asistentes e/ou participantes e a valoración por parte destes.

Quinto.- Valorarase que na programación de actividades que se presente para o ano 2016 se fomente o uso da lingua galega.

Sexto.- Valorarase que na programación de actividades que se presente para o ano 2016 se fomenta a igualdade de xénero.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión adoptará un acordo que constará de:

- a) Relación de todas as solicitudes ordenadas pola puntuación final.
- b) Proposta de asignación de espazos entre aquelas que obteñan a puntuación máis alta, atendendo á coincidencia ou afinidade cos fins e obxectivos doutras asociacións ao número de socios e á actividade prevista.

**7.- Reclamacións.** Unha vez publicada a resolución provisoria de adxudicación, abrirase un período de reclamación de cinco días hábiles a partires do día seguinte ao da publicación da resolución provisoria. Finalizado este prazo de reclamacións, a comisión volverá a reunirse e procederase á publicación da resolución definitiva.

**8.- Aceptación.** A aceptación por parte dunha asociación do espazo asignado farase mediante documento escrito asinado polo/a presidente/a ou representante legal da asociación no prazo máximo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación da resolución definitiva, no que constarán as condicións de uso, as obrigas e dereitos da asociación (Anexo IV). Esta asignación será efectiva ata o 31 de decembro de 2016.

No caso de que a asociación desexe continuar utilizando o espazo asignado deberá solicitar a prórroga cubrindo a instancia habilitada a tal fin na páxina web da vicerreitoría (<http://vicou.uvigo.es/>) (Anexo V), presentándoa a través do rexistro do Campus de Ourense e dirixíndoa á Vicerreitoría do citado campus, debidamente asinada pola/o presidenta/e ou representante legal da asociación, xunto coa memoria de actividades realizadas no Campus de Ourense da Universidade de Vigo durante o ano, a xustificación de ter recibido axudas de organismos públicos ou privados para tal fin e a programación de actividades para o vindeiro ano, antes do 20 de decembro de 2016.

As asociacións beneficiarias de espazos na convocatoria do ano 2015 (RR do 15 de maio de 2015), ás que se lle outorgou un novo prazo de prórroga (01/04/2016) non terán que presentar unha nova solicitude antes do 20 de decembro, no caso que se lle conceda a renovación por parte da comisión. En caso contrario perderán a condición de beneficiarias.

A solicitude de prórroga será valorada por parte da comisión á que se refire a base 6 desta convocatoria. Os criterios que a comisión empregará para levar a cabo a devandita valoración e, se procede, a concesión da prórroga, serán os seguintes:

- Grao de cumprimento das actividades programadas para o ano que finaliza.
- Importe concedido a partir das axudas obtidas de organismos públicos e privados para a realización das devanditas actividades.
- Grao de mantemento e conservación dos espazos do pavillón de estudantes utilizados pola asociación, así como do mobiliario, material informático e teléfono. Para valorar este criterio a comisión poderá requirir, de ser necesario, informes aos diferentes servizos administrativos dos que depende o pavillón de estudantes.

A non concesión da prórroga supón a perda do dereito de uso do espazo asignado no pavillón de estudantes.

9.- As asociacións que nesta convocatoria non sexan adxudicatarias dun espazo no pavillón de estudantes, así como calquera outra que en anos sucesivos teña interese en utilizar un espazo no devandito pavillón, ben por ser de nova creación, ben por consideralo necesario para o mellor cumprimento dos seus fins, ben por ter perdido o dereito de uso ao denegárselle a prórroga (neste último caso deberá transcorrer un ano antes de que poidan volver presentar unha solicitude), deberán cumprir os requisitos establecidos na base 2. e presentar unha solicitude nos termos establecidos na base 4. da presente convocatoria antes do 1 de decembro de 2016.

Só no caso de que se producisen vacantes ou de que exista a posibilidade de ampliar o número de espazos destinados a asociacións no pavillón de estudantes, iniciárase o procedemento para valorar as solicitudes presentadas conforme ao establecido nas bases 2 a 6 da presente convocatoria.

10.- **Dereitos.** A asignación de espazos compartidos implica a posibilidade de uso de armarios (ou taquillas) individuais de cada asociación, casilleiros individuais para a recepción de correspondencia, uso de espazos comúns para reunións, taboleiros de anuncios, liñas telefónicas con acceso exterior á Universidade por medio de tarxetas prepago e uso de terminais informáticos compartidos con acceso a Internet.

11.- **Deberes.** Entregarase a cada asociación un xogo de chaves de acceso xeral ao pavillón de estudantes, de acceso ao despacho no que se ubique o seu posto e de acceso á taquilla. O presidente de cada asociación é o responsable último do uso que se faga das mesmas. O horario de uso dos espazos do pavillón de estudantes estenderase, con carácter xeral, das 8:00 h. ata as 22:00 h., todos os días agás os festivos e fins de semana, nos que non se poderá acceder ao edificio. No caso de que puntualmente sexa necesario permanecer no edificio fóra do horario ou días establecidos, o presidente da asociación deberá comunicalo vía correo electrónico á Vicerreitoría do Campus de Ourense ([vicou@uvigo.es](mailto:vicou@uvigo.es)), indicando o motivo e o tempo no que se prolongará ese uso fóra do horario e/ou días habilitados con carácter xeral.

12.- É responsabilidade das asociacións ás que se lles asigne espazos no pavillón de estudantes velar polo adecuado mantemento e conservación dos espazos do devandito edificio, do mobiliario, equipamento informático e teléfonos), a través dun uso coidadoso e respectuoso dos mesmos. As asociacións tamén serán as responsables de comunicar á Vicerreitoría do Campus de Ourense verbalmente ou mediante escrito as seguintes incidencias co fin de, atendendo á dispoñibilidade orzamentaria, proceder á súa subsanación:

- a) Incidencias de climatización, limpeza, telefonía.
- b) Incidencias cos sistemas de acceso, renovación de mobiliario ou pintura.
- c) Incidencias informáticas.

13.- **Perda do dereito de uso do espazo.** No caso de que as persoas pertencentes a unha asociación beneficiaria dun espazo no pavillón de estudantes non fagan un uso responsable das instalacións, mobiliario e demais material do pavillón de estudantes, a comisión á que se

refire a base 6. da presente convocatoria poderá acordar o desaloxo da devandita asociación. A comisión poderá requirir, de ser necesario, informes aos diferentes servizos administrativos dos que depende o pavillón de estudantes. Todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 41 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo na súa sesión do día 3 de abril de 2001.

A perda da condición de asociación universitaria na Universidade de Vigo leva aparellada a perda do dereito a usar o espazo asignado, de ser o caso, no pavillón de estudantes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 14 de abril de 2016

O REITOR

Por delegación (RR 07/05/2014, DOG 13/03/2014)

Vicerreitor do Campus de Ourense



Rodríguez Vázquez

Dilixencia para facer constar que esta Resolución publícase no taboleiro do Rexistro do campus de Ourense con data 14 de abril de 2016

A xefa de Área de Servizos á Comunidade



María Cereza Díaz Alvarez

## ANEXO I

### DATOS DA ASOCIACIÓN

### SOLICITANTE

Nome da asociación	
Presidente/a ou representante legal	
Secretario/a da asociación	
Enderezo a efectos de notificación	
Anterior espazo ocupado	
Tfno. de contacto	Correo-e
Nº de socios	CIF

En Ourense, a      de                      de 2016

Sr. Vicerreitor do Campus de Ourense

## ANEXO II

### ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ASOCIACIÓN 2014/2015

Título da actividade:

Participantes (nomes dos relatores/as ou grupos que participan na actividade, entidades ou organismos nos que traballan e lugar de procedencia):

Lugar de celebración:

Data de celebración:

Título da actividade:

Participantes (nomes dos relatores/as ou grupos que participan na actividade, entidades ou organismos nos que traballan e lugar de procedencia):

Lugar de celebración:

Data de celebración:



## ANEXO II

### ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPARON NO 2014/2015

desenvolvidas e organizadas pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, de Extensión Universitaria ou dos centros do Campus de Ourense

Título da actividade:

Organizada por:

Lugar de celebración:

Data de celebración:

Título da actividade:

Organizada por:

Lugar de celebración:

Data de celebración:

Título da actividade:

Organizada por:

Lugar de celebración:

Data de celebración:

**ANEXO III**

**ACTIVIDADES A REALIZAR EN 2016**

Título da actividade:

Participantes (nomes dos relatores/as ou grupos que participarán na actividade, entidades ou organismos nos que traballan e lugar de procedencia):

Obxectivos:

Destinatarios/as:

Lugar de celebración:

Data de celebración:

Necesidades materiais:

ANEXO IV

D. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ como presidente ou representante legal da asociación.....

ACEPTA:

A utilización do espazo asignado co cumprimento dos dereitos e deberes que establece o artigo 11, 12 e 13 da Resolución reitoral pola que se convocan espazos compartidos no Pavillón de Estudantes do Campus Universitario de Ourense para as asociacións de estudantes universitarios.

Asdo.:

Ourense, de de 2016

## ANEXO V

### SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE UTILIZACIÓN DO ESPAZO ASIGNADO Á ASOCIACIÓN

Nome da asociación:	
Presidente/a ou representante legal:	
Enderezo a efectos de notificación:	
Espazo ocupado:	
Tfno. de contacto:	Correo-e:
CIF:	

SOLICITA

--

DOCUMENTACIÓN APORTADA:

--

En Ourense, de

de 2016

Sinatura:

Sr. Vicerreitor do Campus de Ourense